



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MELÓN PARA AS OBRAS DE EMPEDRADO DO CAMIÑO REAL ENTRE OS NÚCLEOS DE MELÓN E A PONTE.**

#### **1.- Competencia**

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

#### **2.- Antecedentes**

A colaboración entre este departamento e o concello de Melón, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

#### **3.-Finalidade**

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Melón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2017.

#### **4.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Melón, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no **“empedrado do Camiño Real entre os núcleos de Melón e a Ponte”**.

#### **5.- Fundamentos do instrumento convencional**





O Concello de Melón (Ourense) trata de promover unha actuación consistente no **“empedrado do Camiño Real entre os núcleos de Melón e a Ponte”**.

A actuación realizarase no Camiño Real entre os núcleos de Melón e A Ponte, e consistirá no empedrado no ámbito que transcorre pola parte oeste do Mosteiro da Nosa Señora de Melón sen realizar ningún tipo de intervención na parte norte do elemento catalogado como B.I.C., realizando a actuación que se inicia no encontro da vía Melón a Ponte coa N-120 ata a ponte sobre o río da Cortella que se atopa no lugar de Ponte. Esta intervención non alcanza a ponte medieval do núcleo da Ponte sobre o río Cortella, quedando a 6 m.

Esta vía atravesará unha serie de elementos de alto interese etnográfico, como son: casas de tipoloxía tradicional, a parte posterior do Mosteiro da Nosa Señora de Melón, acequias de rego (levadas tradicionais), o que permitirá harmonizar o viario con esta área de alto valor etnográfico.

Con esta actuación preténdese harmonizar este tramo de viario entre os núcleos de Melón a Ponte co resto dos elementos patrimoniais que conforman o ámbito.

Executaranse así mesmo as canalizacións para o soterramento da liña eléctrica para o alumeadado público, de forma que se poda eliminar destes contornos o entramado aéreo e os báculos da rede. Con estas actuacións eliminaremos elementos discordantes no contorno, coas que se pretende reformar a estes e dar continuación a un proceso de humanización, restauración e adaptación dos lugares de maior interese social que este concello comezou hai varios anos.

Defínense tres fases de actuación: unha, a fase de empedrado das vías, elemento central e nó principal da posible actuación; dous, a adecuación á nova rasante da rede de saneamento actual da rúa; e tres o enterramento das liñas de instalación eléctrica e telecomunicacións existentes, así como a previsión da posible ampliación das mesmas. O resultado global que se pretende será unitario na súa concepción.

A necesidade da actuación xustifícase pola cantidade de conducións eléctricas aéreas que van cruzando o entorno en toda a súa amplitude. Por outra parte, existen motivacións de tipo estético e social, enmarcadas no ámbito do deseño urbanístico, onde predominan uns viarios históricos máis ben estreitos, pouco enmarcados na tipoloxía rural e pouco acorde cos materiais tradicionais que deben imperar na construción e remodelación dos núcleos rurais.

En consecuencia, enténdese a necesidade de crear un ambiente máis favorable para os peóns, unha revalorización do patrimonio arquitectónico e mellorar a calidade dos espazos públicos, facéndoo máis atractivos dende o punto de vista ambiental, social e económico, de maneira que se creen as condicións idóneas para a convivencia social.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de





aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela , 10 de xuño de 2016. María Encarnación Rivas Diaz,  
Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

